



Área / Unidad EDUCACION ED0000 AQR	Documento 23618I01KK	
Código de verificación  1K2M 186I 1Y2Z 4M3D 04KQ	Expediente 236/2024/33	
	Fecha 11-07-2024	
Asunto RESOLUCION ADJUDICACION DEFINITIVA PLAZAS	Interesado	

RESOLUCIÓN APROBACIÓN DA LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS SELECCIONADAS PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA IDIOMAS DO MUNDO 2024

Logo de ver o informe-proposta elaborado polo Servizo Municipal de Educación, cuxo contido literal é o seguinte:

O Concello da Coruña, a través do Servizo de Educación, convocou o programa Idiomas do Mundo 2024, dirixido ao alumnado de 1º de Bacharelato matriculado nun centro educativo da cidade, e consistente na realización, no verán de 2024, dun mínimo de 30 estancias de catro semanas en Irlanda.

O obxectivo é que as persoas participantes avancen no dominio da lingua máis falada do mundo e poder acreditar de xeito oficial o nivel acadado consonte o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL). Tamén ten por obxectivo a participación do alumnado nunha acción intercultural, por medio do achegamento a outra cultura europea, así como a educación das e dos participantes no respecto á diversidade cultural, racial, sexual e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

As bases do programa foron aprobadas o día 08/02/2024/, por Resolución da Concelleira responsable da Área de Benestar Social, e modificadas por Resolución da Concelleira responsable da Área de Benestar Social do día 14/03/2024.

O Servizo Municipal de Educación publicou o 24/04/2024 as listaxes provisionais coa baremación e os solicitantes propostos para a concesión das prazas, ademais das listaxes de agarda e de persoas excluídas do proceso por non axustarse as súas solicitudes ao recollido nas bases. O prazo para a presentación das posibles alegacións foi do 24/04/2024 ao 08/05/2024. Durante o prazo antedito de non se recibiu ningunha alegación.

A Comisión de Valoración encargada de cualificar e elaborar as listaxes, de acordo as baremacións establecidas nas bases, reunida o 15/05/2024, acordou, polo tanto, elevar a definitivas as listaxes provisionais, toda vez que non se rexistrou ningunha alegación.

Tal como se recollen nas bases, a Comisión de Valoración realizou un informe final, que se lle elevou ao órgano instrutor, que, pola súa banda, elaborou a proposta de resolución definitiva para a súa publicación, mediante un informe con código seguro de verificación (CSV) 3T4P485A4Q2Y6S2A0BI5. O 12/06/2024 publicouse o anuncio do dito informe nos medios indicados no punto 3 das bases: a través do portal de Educación da páxina web municipal (www.coruna.gal/educacion).

De acordo coa base 13.1 as persoas seleccionadas dispuxeron dun prazo de 5 días hábiles para a súa aceptación expresa. Consonte o disposto na base 13.2: "Transcorrido o dito

prazo, sen que se produza tal comunicación, entenderase que renuncia a súa participación no programa”.

Logo de finalizar este prazo de aceptación ou renuncia, non consta presentada no rexistro a aceptación das solicitudes con ID 10, 44, 47, 43, 45, 5, 58, 40 e 41, polo que se entende, en aplicación da base 13.2, que renuncian á praza, e procedeuse ao chamamento para a substitución como adxudicatarias ás persoas incluídas na listaxe de agarda, de conformidade co previsto na base 13.6.

O servizo municipal de educación contactou coas familias solicitantes na listaxe de agarda na orde contida na dita listaxe e realizou o chamamento aos postos seguintes da dita listaxe, dos que varios deles trasladaron a súa renuncia: concretamente, as persoas coas solicitudes ID 69, 54, 61, 57, 48, 19, 24, 36 e 51. As familias que aceptaron participar no programa foron finalmente as identificadas cos ID 42, 34, 38, 66, 53, 35, 13, 68 e 14.

De acordo co anterior e tendo en conta o previsto na base 13.6 da convocatoria, modifícase a listaxe definitiva das persoas beneficiarias, pasando a formar parte dela as persoas solicitantes cos ID 42, 34, 38, 66, 53, 35, 13, 68 e 14, e elabóranse as relacións definitivas do alumnado seleccionado (Anexo I) para a súa elevación á resolución do Concelleiro responsable da área de goberno de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica, de conformidade coas competencias delegadas polo acordo da Xunta de Goberno Local do 04/07/2014 (documento con CSV 6V3Y0Y0R4Y515P4D0ZGH).

A dita resolución definitiva poñerá fin á vía administrativa e, contra ela, cabe interpoñer, de maneira potestativa, un recurso de reposición, no prazo dun mes, ou poderá interpoñerse directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o xulgado da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Nos dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao da publicación oficial da resolución da concesión definitiva.

Por todo o exposto, realízanse as seguintes:

PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRA: Tomar coñecemento das aceptacións e renuncias presentadas durante o prazo previsto no apartado 13.1 das bases específicas aprobadas para a adxudicación de prazas para o programa municipal Idiomas do Mundo 2024 e substituír ás persoas adxudicatarias das prazas afectadas polas renuncias polas persoas incluídas na listaxe de agarda publicada o 24/04/2024, logo de confirmar a súa aceptación expresa.

SEGUNDA: Aprobar a listaxe definitiva das persoas adxudicatarias das prazas do programa municipal de idiomas do Mundo 2024 que se inclúe como ANEXO I neste documento.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

O técnico de Educación

A Xefa de Departamento de Educación

Conforme,

O Director de Área de Educación



Concello da Coruña

No uso das atribucións que me están conferidas, por delegación da Xunta de Goberno Local, outorgada mediante o acordo adoptado na súa sesión do 4 de xullo de 2024, e publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 129, do 5 de xullo de 2024.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Tomar coñecemento das aceptacións e renuncias presentadas durante o prazo previsto no apartado 13.1 das bases específicas aprobadas para a adxudicación de prazas para o programa municipal Idiomas do Mundo 2024 e substituír ás persoas adxudicatarias das prazas afectadas polas renuncias polas persoas incluídas na listaxe de agarda publicada o 24/04/2024, logo de confirmar a súa aceptación expresa.

SEGUNDO: Aprobar a listaxe definitiva das persoas adxudicatarias das prazas do programa municipal de idiomas do Mundo 2024 que se inclúe como ANEXO I neste documento.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

Por delegación da XGL,

(Acordo do 04/07/2024, publicado no BOP nº 129 de 05/07/2024)

O Concelleiro delegado responsable de Cultura, Formación e Innovación Tecnolóxica

Juan Ignacio Borrego Vázquez

ANEXO I

LISTADO DEFINITIVO DE PERSOAS SELECCIONADAS PARA O PROGRAMA IDIOMAS DO MUNDO 2024

COPIA AUTÉNTICA. El documento está pendiente de firmas adicionales para su aprobación. Mediante el código de verificación 1K2M1861Y274M3D04K0 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/

Nº orde	Estado	ID	Puntuación Total	Puntos Inglés	Puntos de ESO	Puntos Renta	Discapacidad	Puntos familia numerosa ou monoparental	Porcentaje a aportar	Importe a aportar polas familias*
1	Seleccionada	28	18,00	4,00	4,00	9,00	0,50	0,50	0%	
2	Seleccionada	15	17,60	4,00	3,60	10,00	0,00	0,00	0%	
3	Seleccionada	25	17,40	4,00	3,40	10,00	0,00	0,00	0%	
4	Seleccionada	39	14,00	4,00	1,00	9,00	0,00	0,00	0%	
5	Seleccionada	1	13,80	2,00	2,80	9,00	0,00	0,00	0%	
6	Seleccionada	37	12,80	4,00	3,80	5,00	0,00	0,00	0%	
7	Seleccionada	21	12,00	4,00	2,00	6,00	0,00	0,00	0%	
8	Seleccionada	49	11,40	4,00	2,40	5,00	0,00	0,00	0%	
9	Seleccionada	46	11,40	2,00	3,40	6,00	0,00	0,00	0%	
10	Seleccionada	29	11,30	1,00	0,30	9,00	0,50	0,50	0%	
11	Seleccionada	31	11,00	2,00	3,00	6,00	0,00	0,00	0%	
12	Seleccionada	63	10,10	0,00	0,10	10,00	0,00	0,00	0%	
13	Seleccionada	16	10,00	2,00	1,00	7,00	0,00	0,00	0%	
14	Seleccionada	22	9,90	2,00	1,90	6,00	0,00	0,00	0%	
15	Seleccionada	62	9,80	4,00	3,80	2,00	0,00	0,00	15%	635,97 €
16	Seleccionada	32	9,80	4,00	3,80	2,00	0,00	0,00	15%	635,97 €
17	Seleccionada	70	9,70	2,00	1,70	6,00	0,00	0,00	0%	
18	Seleccionada	20	9,40	2,00	1,40	6,00	0,00	0,00	0%	
19	Seleccionada	27	8,70	1,00	1,70	6,00	0,00	0,00	0%	
20	Seleccionada	30	8,60	4,00	1,60	3,00	0,00	0,00	10%	423,98 €
21	Seleccionada	17	8,40	2,00	3,40	3,00	0,00	0,00	10%	423,98 €
22	Seleccionada	42	7,90	4,00	1,90	2,00	0,00	0,00	15%	635,97 €
23	Seleccionada	34	6,20	2,00	2,20	2,00	0,00	0,00	15%	636,97 €
24	Seleccionada	38	5,70	4,00	1,70	0,00	0,00	0,00	30%	1.271,94 €
25	Seleccionada	66	5,20	1,00	0,20	4,00	0,00	0,00	5%	211,99 €
26	Seleccionada	53	5,00	2,00	3,00	0,00	0,00	0,00	30%	1.271,94 €
27	Seleccionada	35	4,30	2,00	0,30	2,00	0,00	0,00	15%	635,97 €
28	Seleccionada	13	4,20	0,00	1,70	2,00	0,00	0,50	15%	635,97 €
29	Seleccionada	68	3,60	2,00	1,60	0,00	0,00	0,00	30%	1.271,94 €
30	Seleccionada	14	3,40	0,00	0,40	3,00	0,00	0,00	10%	423,98 €